INCENTIVOS Á CREACIÓN MUSICAL: ESTREA

DE OBRAS ORQUESTRAIS, DE CÁMARA E OUTROS FORMATOS DE CONCERTO REALIZADOS EN 2025

fundación sgae

NORMAS XERAIS

A **Sociedade Xeral de Autores e Editores** e a **Fundación SGAE** ratifican o seu firme propósito de apoiar a actividade creativa dos seus asociados, e establecen uns incentivos á creación vinculados á composición e á estrea de obras de música orquestrais, de cámara e outros formatos de concerto, cuxa concesión se rexerá por estas normas.

I REQUISITOS

Os incentivos á creación concederanse aos autores e autoras de obras orixinais unicamente pola estrea absoluta destas. As obras poderán ser **composicións para orquestra sinfónica, agrupacións de cámara, instrumentos a solo, para voz ou agrupacións corais (con ou sen acompañamento), dramático-musicais (óperas, zarzuelas e ballets), electroacústicas e para banda sinfónica de música clásica** (quedan excluídas as obras de carácter folclórico-popular), e deberán ter as seguintes características:

1. Respecto ao autor ou autora

A autora ou o autor ou, cando menos, un dos coautores ou coautoras da obra deberá ser socio ou socia da SGAE ou estar tramitando a súa alta na SGAE no momento da súa solicitude, debendo acreditalo debidamente á Fundación SGAE. En calquera caso, para o cobramento do incentivo no caso de serlle concedido, deberá ter completada a súa alta en SGAE.

Non poderán solicitar o incentivo os membros da Xunta Directiva e da Comisión de Supervisión da SGAE nin os membros do Padroado da Fundación SGAE.

2. Respecto á obra

A obra deberá:

- Ser orixinal do autor ou autora. Non cabe presentar obras que sexan revisións, versións nin instrumentacións posteriores dunha obra realizada polo mesmo solicitante ou terceiros ou obras preexistentes doutros autores ou autoras.
- Ter unha duración non inferior a cinco minutos.
- Estar inscrita no rexistro da SGAE ou estar en proceso de rexistro e acreditalo debidamente.
- Pertencer a algún dos xéneros anteriormente citados.
- Axustarse aos parámetros propios e convenientes de cada xénero convocado.
- As partituras deberán presentarse cun nivel de edición, paxinación e lexibilidade adecuado e habitual na profesión, e deberán indicar claramente o modelo instrumental. Nos casos de obras electroacústicas que non conten con partitura, deberá achegarse obrigatoriamente o soporte de audio correspondente á creación.
- Presentar un nivel de calidade suficiente de contido e oficio, a xuízo da Comisión Avaliadora.

> Coa fin de preservar o anonimato, os e as solicitantes deberán presentar partituras e materiais sen indicación do seu nome nin o título da obra en ningunha das súas páxinas.

3. Respecto á estrea

- Enténdese por estrea absoluta a primeira execución pública e en directo da obra. Non se considerará estrea a súa gravación fonográfica nin a súa radiodifusión.

II NON PODERÁN OPTAR A INCENTIVOS Á CREACIÓN

1. As orquestracións, arranxos e instrumentacións de obras preexistentes.
2. As bandas sonoras de obras cinematográficas ou audiovisuais, ou calquera clase de música incidental non especificada no apartado I destas normas.
3. As obras de carácter didáctico ou pedagóxico.
4. As partituras nas que o predominio das improvisacións poida condicionar excesivamente a valoración artística da obra no seu conxunto por parte da Comisión Avaliadora.

5. As obras que, despois de recibir un incentivo á creación, puidesen ser obxecto dunha segunda estrea unha vez sometidas a cambios na súa duración mediante engadidos ou supresións.
6. As obras das que algunha das súas partes fose parcialmente estreada ou recibise algún incentivo á creación e cuxa totalidade fose estreada posteriormente.

III FORMULACIÓN DE SOLICITUDES

1. As solicitudes realizaranse exclusivamente a través do sistema en liña habilitado para tal efecto no web www.fundacionsgae.org, da Fundación SGAE, coa seguinte documentación:

   - A partitura, na que non indicaranse o nome do(s) autor(es) ou autora(s) nin o título da obra en ningunha das súas páxinas.
   - Unha gravación en mp3 (obrigatorio no caso de obras electroacústicas que non dispoñan de partitura, opcional mais recomendado nas demais obras).
   - O programa de man oficial que xustifique a estrea da obra.

2. Cada solicitante só poderá presentar unha única obra por cada un dos formatos admitidos na clasificación destes incentivos (obras de gran formato, obras de formato regular e obras de banda sinfónica de música clásica).

O período de recepción de solicitudes estará aberto ata o **27 de marzo de 2026**.

IV CONSTITUCIÓN, MISIÓN E COMPETENCIAS DA COMISIÓN AVALIADORA

1. A concesión de incentivos á creación e estrea de obras será competencia exclusiva dunha comisión avaliadora.
2. A **Comisión Avaliadora para a Concesión de Incentivos á Creación e Estrea de Obras** estará integrada por catro membros máis un presidente ou presidenta con voto dirimente. O presidente ou presidenta será un membro da Xunta Directiva da SGAE ou un membro do Padroado da Fundación SGAE. Os outros catro membros poderán ser socios da SGAE sen cargo nos órganos representativos da SGAE e a Fundación SGAE, intérpretes e directores ou directoras de orquesta de recoñecida traxectoria, e/ou membros dos consellos territoriales da SGAE. Ningún membro da Comisión Avaliadora poderá ser solicitante destes incentivos á creación.
3. A Comisión Avaliadora manterá reunións anuais únicas, ao longo dun máximo de tres sesións, durante os meses de **abril ou maio**.
4. Nas devanditas reunións, a Comisión Avaliadora analizará as solicitudes recibidas que, cumprindo co establecido nestas normas, correspondan a estreas de obras realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025.
5. A Comisión Avaliadora será soberana e as súas decisións inapelables.

V CUALIFICACIÓN, CLASIFICACIÓN, COTA, DOTACIÓN E PAGAMENTO DOS INCENTIVOS

1. Para os únicos efectos de concesión destes incentivos, as obras clasificaranse en:

A. Obras de gran formato:

- Obras de carácter sinfónico: para orquestra ou sinfónico-corais, estean ou non desenvolvidas con procesos mixtos que inclúan medios electroacústicos.
- Obras dramático-musicais (óperas, zarzuelas e ballets) de gran formato.

B. Obras de formato regular:

- Obras de carácter camerístico en xeral: para instrumentos a solo, para agrupacións de cámara instrumental ou vocal (con ou sen acompañamento) ou para orquestras de cámara, estean ou non desenvolvidas con procesos mixtos que inclúan medios electroacústicos.
- Obras dramático-musicais con modelos instrumentais camerísticos (óperas de cámara, zarzuelas en formato de cámara e ballets).

C. Obras para banda sinfónica de música clásica:

- Obras de carácter sinfónico escritas para bandas profesionais de música clásica (quedan excluídas as obras de carácter folclórico-popular).

No caso de que exista controversia sobre a cualificación e clasificación da obra para a concesión dos incentivos, a Comisión Avaliadora determinará en última instancia a cualificación e clasificación.

2. Concederanse anualmente ata 25 incentivos á creación de obras de gran formato, ata 70 incentivos á creación de obras de formato regular e ata 10 incentivos á creación de obras de música clásica para banda sinfónica.
3. A Comisión Avaliadora reserva para si o dereito de non cubrir na súa totalidade a mencionada cota de concesións, xa sexa por incumprimento ou ausencia dun ou varios dos requisitos formais e/ou de contidos esixidos nestas normas ou por falta de calidade das obras que se presenten.
4. O incentivo para cada unha das obras de gran formato será de **mil douscentos euros** (1.200 €), para cada unha das obras de formato regular será de **catrocentos euros** (400 €) e para cada unha das obras de banda sinfónica será de **setecentos euros** (700 €).
5. Os incentivos satisfaranse sen ningún desconto en concepto de gastos de administración e serán obxecto da retención correspondente do IRPF ou do imposto equivalente do país que corresponda, de acordo coa lexislación vixente.
6. O importe do incentivo será acreditado de acordo co rexistro da obra existente na SGAE. No caso de que o rexistro reflectise a participación de autores e autoras non socios da SGAE, soamente se aboará a aquel que sexa socio ou socia da SGAE na proporción que lle corresponda sobre o total do incentivo. A porcentaxe do non-social reservarase ata o 31 de decembro do ano en que se concedese o incentivo. Se transcorrido o devandito período os interesados ou interesadas non formalizasen a súa solicitude de ingreso na SGAE, a cantidade correspondente reverterá nos fondos da Fundación SGAE. Para o cobramento do incentivo, será necesario que o as beneficiarias ou beneficiarios emitan as correspondentes facturas que cumpran os requisitos esixidos pola normativa vixente.

VI MODIFICACIÓN DAS NORMAS

A Comisión Avaliadora poderalle propor ao Padroado da Fundación SGAE as modificacións normativas que considere oportunas, aínda que a competencia plena nesta materia é exclusiva do Padroado da Fundación SGAE.

VII XURISDICIÓN E FORO

Para a interpretación e resolución dos conflitos que puidesen xurdir entre as partes como consecuencia desta convocatoria, ou dalgunha ou de todas as súas condicións e das relacións por el reguladas, e con renuncia expresa a calquera foro que lles puidese corresponder, as partes sométense á xurisdición dos tribunais e xulgados de Madrid capital.

Máis información:

Fundación SGAE
Bárbara de Braganza, 7
28004 Madrid

Tel. (+34) 91 503 68 00

smoralg@fundacionsgae.org
informacion@fundacionsgae.org

www.fundacionsgae.org
www.sgae.es

fundación sgae